

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA14

Programa de promoción da lingua galega do CIFP

CIFP: Leixa

Responsable: Montserrat Chao Millor

Curso: 2025 - 2026

Data: 04.12.2025

Índice

1	Contextualización do programa de promoción e dinamización da lingua galega no centro e referencia á memoria do curso anterior.....	3
2	Composición.....	9
3	Calendario de reunións.....	11
4	Obxectivos, actividades e indicadores.....	11
5	Recursos dispoñibles ou asignados para o desenvolvemento do programa	13
6	Proxectos de innovación.....	14
7	Colaboracións.....	14
8	Procedementos de seguimento, revisión trimestral e avaliación interna do programa.....	15

1 Contextualización do programa de promoción e dinamización da lingua galega no centro e referencia á memoria do curso anterior

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia refire:

- Artigo 3. “Na administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, **con carácter xeral**, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.
- Artigo 4. Un dos principios a partir dos cales se elabora este decreto será a Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.
- Artigo 9. “Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e deportivas, de grao medio e superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado **acade a competencia lingüística** propia do nivel nas dúas linguas oficiais. En todos os módulos garantirase que o alumnado **coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais**”.

Por outra parte, o Decreto 77/2011 do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos Centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade indica, no seu Artigo 44, que o centro incluírá no seu Programa anual de centro integrado un *Programa de promoción da lingua galega e de linguas estranxeiras*.

O ensino debe ser un pilar importante para a implantación de hábitos lingüísticos en galego. É necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, **facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso**.

Breve estudo sociolingüístico do centro

O Centro Integrado de Formación Profesional Leixa é un centro educativo situado na cidade de Ferrol que conta con ensinanzas de ciclos formativos das familias de Artes Gráficas, Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade. Na cidade de Ferrol, o galego é pouco usado pola sociedade.

Atendendo aos resultados da última enquisa do uso da lingua galega do Instituto Galego de Estatística, a área Ferrol-Eume-Ortegal é unha das que menos se fala galego da comunidade autónoma (28%), xunto coas áreas de Vigo (20%) e A Coruña (25%). O castelán é a lingua máis falada nas sete grandes cidades galegas, entre elas a cidade de Ferrol.

No curso 2025-2026, a comunidade educativa do Centro Integrado de Formación Profesional Leixa está constituída por 1163 estudantes, 75 docentes e 10 traballadoras/es non docentes.

A lingua galega ten unha presenza maioritaria na documentación administrativa, mentres que nos procesos de información nos diferentes sectores da comunidade, nas interaccións co alumnado en contextos formais e informais, o galego atópase nunha evidente desvantaxe ante o castelán.

Entre o alumnado, pódese afirmar que o emprego do galego no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe é minoritari. A súa procedencia é moi variada acudindo dende unha ampla área xeográfica (maioritariamente dos concellos da comarca Ferrol-Eume-Ortegal e, en minoría, doutras provincias de Galicia).

A actitude xeral do profesorado cara á lingua galega é positiva, aínda que se ten que mellorar a participación activa nas actividades de fomento do uso do galego e no seu emprego nas actividades complementarias. O compromiso por achegar a lingua galega a un nivel de maior uso en todas as áreas do centro ten no profesorado dos ciclos formativos outro axente máis de normalización e dinamización lingüística. A transformación do centro educativo en Centro Integrado de Formación Profesional levou á desaparición do bacharelato e da materia de lingua galega dese nivel educativo.

Esta situación fai necesaria a busca de estratexias e accións para promover a cultura, a literatura e a valoración e uso da lingua galega de cara a mellorar a cualificación profesional do alumnado.

As análises realizadas nos últimos cursos académicos, sobre o contexto lingüístico do galego no centro, amosan un espazo con predominio do uso do castelán, tal e como reflicte a última enquisa realizada durante o curso 24_25, na que o 11% da comunidade educativa emprega como lingua habitual o galego en contraposición ao 89% restante que emprega o castelán.

Continuarase con esta análise sociolingüística mediante o desenvolvemento da actividade de continuidade *Creación de grupos de discusión para a reflexión lingüística e sociolingüística*, en relación á lingua galega, entre o alumnado. Procurarase tamén deseñar outros instrumentos de diagnose que amplíen esta análise.

En relación á selección de idioma para a ensinanza dos módulos, ao inicio do curso académico, proponse á xefatura de estudos que, nas reunións iniciais de constitución de equipos docentes, o profesorado de cada ciclo formativo e grupo trate a distribución equilibrada de módulos impartidos nas dúas linguas oficiais, decisións que quedarán reflectidas nos horarios de cada grupo. Anexarase ao Proxecto lingüístico a Addenda 25_26 coa distribución para o curso académico actual.

Necesidades e prioridades de intervención xerais que se propoñen para desenvolver no curso actual.

A análise da memoria correspondente ao curso 2024-2025 permite identificar un conxunto de necesidades prioritarias que cómpre abordar para reforzar e consolidar o uso e a presenza da lingua galega no CIFP Leixa. Estas necesidades abranguen dimensións organizativas, formativas, pedagóxicas, culturais e sociolingüísticas.

1. Necesidades organizativas e de xestión

- **Orzamento propio e estable:**

O EDLG contou cunha partida orzamentaria específica moi reducida no curso 2024-2025 (300€), o que provocou dificultades reiteradas na planificación, execución e xustificación de actividades. Esta carencia obrigou a depender dos departamentos didácticos e a realizar xestións pouco operativas e demoradas.

→ *Precísase establecer un orzamento anual fixo e proporcional ao número de grupos e alumnado e un procedemento áxil de xestión económica propio do equipo.*

- **Maior autonomía operativa:**

A planificación de actividades formativas e culturais viuse condicionada pola necesidade de aprobación previa en diferentes órganos e pola ausencia de orzamento propio.

→ *É necesario garantir unha estrutura organizativa que permita ao EDLG actuar con independencia funcional dentro do marco normativo.*

- **Coordinación interna e interdepartamental:**

A colaboración coa biblioteca e algúns departamentos foi moi positiva, mais é irregular noutros ámbitos. Falta sistematización de coordinación con departamentos e ciclos formativos.

→ *Débase establecer unha planificación conxunta e unha canle de comunicación estable entre o EDLG, a biblioteca e os departamentos.*

2. Necesidades pedagóxicas e de docencia

- **Baixa presenza do galego na docencia:**

A maioría dos módulos e proxectos intermodulares impártense ou realízanse en castelán, segundo os datos recollidos nos grupos de discusión realizados no curso pasado.. O alumnado

percibe o galego como lingua minoritaria e allea ao contexto académico.

→ *Cómpre reforzar a implantación real do galego na docencia.*

- **Falta de materiais e recursos didácticos específicos:**

A falta de recursos técnicos e terminolóxicos en galego limita o desenvolvemento dos módulos en galego.

→ *É preciso ampliar o fondo de recursos lingüísticos e técnicos (apuntamentos, vocabularios profesionais, modelos de exame, materiais audiovisuais e tradutores) e poñelos a disposición da comunidade educativa mediante o espazo virtual do EDLG.*

3. Necesidades sociolingüísticas do alumnado

- **Percepción negativa ou débil identificación co galego:**

As conclusións dos grupos de discusión indican que o alumnado percibe o galego como lingua secundaria, asociada ao ámbito rural ou formal, e que moitas persoas non se senten cómodas falándoo (*recollido na Memoria 24_25*)

→ *É necesario traballar a motivación e o prestixio do galego mediante accións próximas ao seu interese (audiovisuais, música, redes sociais, videoxogos, entre outros).*

- **Falta de espazos naturais de uso:**

O castelán é a lingua dominante nas interaccións informais e nos espazos de convivencia.

→ *Cómprense máis contextos de uso real do galego: faladoiros, actividades de lecer, concursos, xogos e cinema en galego, tamén incremento constante de carteis e anuncios da actividade do centro en lingua galega.*

- **Alumnado de orixe diversa e inmigrante:**

O aumento de alumnado non galegofalante ou procedente doutras comunidades fai necesaria unha política de acollida lingüística específica.

→ *É preciso crear accións de sensibilización e cursos de galego adaptados ás necesidades deste alumnado.*

O galego é lingua oficial e vehículo de identidade cultural. Nos Centros Integrados de Formación Profesional o seu uso é menor, especialmente en áreas técnicas.

A dinamización lingüística pode mellorar a competencia comunicativa, o respecto pola diversidade e a cohesión da comunidade educativa.

Análise interna

Debilidades

- Falta de orzamento propio que dificultou seriamente a planificación, financiamento e autonomía do EDLG, obrigando a depender doutros departamentos e a condicionar a súa planificación e desenvolvemento.
- Participación irregular do alumnado.
- Percepción entre o alumnado de que o galego non é lingua vehicular nin normalizada no centro.
- Alumnado con idades moi dispares e intereses e motivacións moi diferentes.
- Centro educativo con alumnado e profesorado moi numeroso e presenza dunha ampla oferta de accións formativas (oferta ordinaria, oferta modular presencial e semipresencial e distancia, acreditación de competencias, probas libres, accións de formación para desempregados) que provoca dificultades de reunión e interacción entre a comunidade educativa.
- Sobrecarga das sesións lectivas: duración de 60 minutos, con varias sesións continuadas dos módulos.

Fortalezas

- Asignación dunha sesión coincidente no horario das profesoras integrantes do EDLG.
- Creación dun espazo físico propio (Espazo EDLG) que se está a consolidar como punto de encontro e visibilidade da lingua
- Elevado número de actividades culturais e pedagóxicas (conmemoracións, grupos de discusión, intercambios, cinema, exposicións, etc.) que favorecen a participación.
- Colaboración activa coa biblioteca.
- Desenvolvemento de 2 itinerarios formativos para o profesorado: Integración curricular da lingua galega no CIFP Leixa e Equipos de dinamización da lingua galega nos CIFP).
- Creación dun espazo virtual (aula EDLG) con recursos, normativa, ligazóns CELGA e materiais didácticos que facilitan a aprendizaxe.
- Reforzo da paisaxe lingüística do centro e incremento do uso do galego en comunicacións administrativas

Análise externa

Ameazas

- Retroceso do uso social do galego, especialmente en ámbitos urbanos e entre a xente nova, percibido como lingua minoritaria e con connotacións negativas
- Dependencia excesiva da vontade individual do profesorado: sen compromiso xeral, dificultade para aumentar a presenza da lingua nos módulos
- Desgaste do equipo EDLG por traballar sen respaldo orzamentario nin autonomía efectiva.
- Burocracia e trabas administrativas que atrasan ou paralizan actividades (exemplo: transporte a eventos culturais).
- Ausencia de prensa en galego no centro educativo.
- Ausencia de libros de texto en galego e de materiais didácticos en galego na FP semipresencial e a distancia.
- Enfoque excesivamente técnico dos centros educativos de Formación Profesional, deixando de lado o traballo de elementos transversais.
- Sobrecarga do profesorado dada a organización e a burocracia do Sistema de Calidade.

Oportunidades

- Aproveitamento de colaboracións externas (Concello de Ferrol, Casa Museo Manuel María, Melgo Cinema, Cine Duplex, entidades culturais, etc.) para diversificar actividades
- Información e comunicación continua coa coordinadora da Coruña da Secretaría Xeral da Lingua.
- Uso das TIC e medios audiovisuais como estratexia atractiva para a mocidade (redes sociais, cinema, música, etc.).
- Posibilidade de incorporar vocabularios multilingües (galego-castelán-inglés) e recursos prácticos dispoñibles na rede, que faciliten o uso real da lingua no eido profesional
- Crecente interese dalgún alumnado por recuperar o galego e usalo con máis naturalidade se se crean contextos de confianza.

2 Composición

O equipo de dinamización lingua galega, no curso académico 2025-2026 constitúese cos seguintes integrantes:

- Erica Arbizu Rodríguez, Lucía Rodríguez Rea, José Rivera Castro, Nazaret López Villar (alumnado)
- Isabel Suárez Fernández, Ana B. González Basanta, Isabel Díaz González, Lorena Rego Piñeiro, Antía Baamonde Villares, Montserrat Chao Millor (profesorado).
- M. Luz López Vázquez (persoal non docente)

Realiza as funcións de coordinación do equipo Montserrat Chao Millor.

Outros integrantes colaboradores:

- Profesorado inscrito nos Itinerarios formativos do Plan de Formación Permanente do profesorado.:
 - Investigación: Os Equipos de dinamización da lingua galega nos Centros Integrados de Formación Profesional. CIFP Leixa.
 - Metodoloxías didácticas: Creación dunha rede interna de profesorado colaborador en dinamización lingüística: A integración curricular da lingua galega no CIFP Leixa

3 Calendario de reunións

O equipo reunirse de forma mensual para coordinar, valorar e revisar o desenvolvemento do Programa de promoción da lingua galega 25_26 e comprobar se as propostas se están levando a cabo de forma satisfactoria en relación aos indicadores de cada obxectivo.

O alumnado representante do EDLG compartirá as inquiredanzas e propostas de mellora dos seus compañeiros nas reunións do grupo.

Celebraranse reunións ordinarias:

- 24 de outubro (suspendida por solapamento de reunións _enviado correo á Xefatura de estudos).
- 14 de novembro (continúase pendente de publicación do calendario de reunións).
- 04 de decembro
- 15 de xaneiro
- 12 de febreiro
- 12 de marzo
- 16 de abril
- 14 de maio
- 11 de xuño

4 Obxectivos, actividades e indicadores

Dado o exposto no apartado 1 deste programa, o obxectivo xeral do EDLG_CIFP Leixa, neste curso académico 25_26, será:

Realizar unha análise detallada da presenza, uso e actitude cara ao galego no CIFP Leixa para o deseño dunha guía completa ou un mapa de ruta de dinamización lingüística, adaptado á realidade dos distintos ciclos e módulos e do tipo de centro.

Defínense dous obxectivos específicos que concretan este obxectivo xeral:

1. Realizar unha diagnose da situación lingüística actual e da dinamización do galego no CIFP.
2. Deseñar un mapa de ruta que permita identificar un camiño claro a seguir polo EDLG, neste tipo de centros educativos (CIFP).

Obxectivo 1:	Realizar unha diagnose da situación lingüística actual e da dinamización do galego no CIFP.								
Indicador asociado	____Instrumentos cualitativos, cuantitativos e documentais de diagnose.____								
Valor de partida	Medida				Criterio aceptable		Valor acadado		
1	Nº de instrumentos de diagnose empregados.				6		Acadouse: si/non (Cubrir na memoria)		
Actividades		Tipoloxía	Persoas responsables	Persoas destinatarias	Orzamento	Materiais/ ferramentas necesarias	Temporalización	Plurianual	Anual
1. Deseño de instrumentos de recollida de datos.			EDLG	Comunidade educativa	100€	Material de papelería Material ofimático	2º trimestre		X
2. Aplicación dos instrumentos deseñados.			EDLG	Comunidade educativa	100€	Instrumentos de análise Recursos complementarios para a participación do alumnado Equipos informáticos Acondicionamento de espazos de recollida de datos.	2º e 3º trimestre		X
3. Asistencia a encontros e foros de debate sobre a situación lingüística do galego nos centros educativos e na comarca.			EDLG Equipo Directivo	Profesorado do EDLG	500€	Espazos formativos de entidades de normalización lingüística. Desprazamentos/dietas	2º e 3º trimestre		X
4. Análise dos datos obtidos			EDLG	Comunidade	100€	Equipos informáticos Aplicativos	3º trimestre		X



					de análise Materiais de rexistro			
--	--	--	--	--	--	--	--	--

Obxectivo 2:	Deseñar un mapa de ruta que permita identificar un camiño claro a seguir polo EDLG, neste tipo de centros educativos (CIFP).								
Indicador asociado	____Deseño dun protocolo de traballo EDLG.____								
Valor de partida	Medida				Criterio aceptable		Valor acadado		
0	Nº de protocolos de traballo do EDLG, a maiores do regulamentario Programa de dinamización da lingua galega				1		Acadouse: si/non (Cubrir na memoria)		
Actividades		Tipoloxía	Persoas responsables	Persoas destinatarias	Orzamento	Materiais/ ferramentas necesarias	Temporalización	Plurianual	Anual
1. Deseño dun plan de formación do profesorado integrante e colaborador do EDLG.			EDLG Coordinación de formación Equipo directivo	Integrantes EDLG	0€	Propostas formativas.	Durante todo o curso académico		X
2. Detección de necesidades de materiais e recursos para o desenvolvemento das ensinanzas en lingua galega.			EDLG (Colaboración dos Equipos docentes)	Profesorado	0€	Instrumentos de recollida de datos.	2º trimestre		X
3. Identificación e recompilación de recursos e materiais didácticos en galego. <i>Ex. Vocabulario específico de módulos</i>			EDLG Profesorado colaborador (PFPP)	Alumnado Profesorado Persoal non docente	300€	Materiais didácticos Material ofimático	3º trimestre	X	
4. Identificación de vías de comunicación e dinamización lingüística nos CIFP. <i>Ex. Canles de comunicación estable entre o EDLG, a biblioteca e os departamentos.</i>			EDLG Profesorado colaborador	Alumnado Profesorado Persoal non docente	0€	Instrumentos de recollida de datos.	2º trimestre		X
5. Elaboración dunha listaxe de actividades prioritarias para a promoción da lingua no centro educativo.			EDLG Coordinación Biblioteca Vicedirección	Comunidade educativa	500€	Materiais e desprazamento de actividades piloto.	3º trimestre		X
PROPOSTA ORZAMENTO					1500€				

5 Recursos dispoñibles ou asignados para o desenvolvemento do programa

Os recursos a disposición do equipo de dinamización da lingua galega comprenden:

- Espazo físico para desenvolvemento e difusión das accións do EDLG.
- Material de papelería e material ofimático.
- Fondo bibliográfico de apoio á diagnose e o deseño do mapa de ruta.
- Instrumentos de recollida de datos.
- Materiais para acondicionamento de espazos de recollida de datos.
- Recursos para a realización de actividades de diagnose co alumnado e materiais complementarios para a participación do alumnado.
- Materiais didácticos para a elaboración dun banco de recursos.
- Recursos tecnolóxicos do centro educativo, aplicativos de análise e materiais de rexistro.
- Orzamento para o desprazamento en autobús do alumnado participante en actividades de análise e actividades piloto de dinamización EDLG .

6 Proxectos de innovación

Non se participa neste curso académico.

7 Colaboracións

Procurarase establecer contactos con outros equipos dos centros de ensino da nosa contorna, así como coas Equipas de normalización lingüística dos Concellos, coa Coordinadora de Equipas de normalización lingüística de Ferrolterra (CENL), sen deixar de lado as colaboracións cos Departamentos didácticos do centro.

Nome da empresa/entidade	Data reunión/contacto	Motivo	Programada no arranque de curso	Acordos acadados	Resultado da colaboración	Efecto da colaboración
Biblioteca	Ao longo de todo o curso académico	Enriquecemento das actividades dos dous equipos	SI/NON Cubrir na memoria	Cubrir na memoria	Cubrir na memoria	Cubrir na memoria
Departament os didácticos do centro	Ao longo de todo o curso académico	Implicación do profesorado e alumnado				
Equipa de normalización lingüística do Concello de Ferrol	Ao longo de todo o curso académico	Incremento do nº de actividades ofertadas á comunidade educativa				
EDLG doutros centros educativos	Ao longo de todo o curso académico	Incorporación de melloras no programa.				
Coordinación de EDLGs da provincia da Coruña	Ao longo de todo o curso académico	Asesoramento Incremento do nº de actividades ofertadas á comunidade educativa				
Outros organismos e admon.	Ao longo de todo o curso académico	Asesoramento Incremento do nº de actividades ofertadas á comunidade educativa				

8 Procedementos de seguimento, revisión trimestral e avaliación interna do programa

Realízase valoración inicial da realidade sociolingüística do centro empregando como fontes de información un cuestionario/enquisa, a información aportada polo profesorado e a observación directa. Tamén se obtén información mediante a análise DAFO realizada na reunión inicial polo equipo.

Levarase a cabo avaliación continua do desenvolvemento do programa e das actividades, nas reunións ordinarias mensuais e extraordinarias do EDLG: incidencias, idoneidade para a mellora e fomento do uso do galego, nivel de implicación nas mesmas da comunidade educativa e adecuación dos recursos empregados.

Engadirase, ademais, o seguimento trimestral do programa segundo o modelo normalizado de calidade do sistema educativo.

Completarase o anterior coa avaliación final, levada a cabo no mes de xuño, recollendo os resultados obtidos na Memoria final, axustada aos indicadores establecidos. Empregaranse para a avaliación os seguintes elementos: indicadores asociados a cada obxectivo, análise DAFO do programa e enquisa de satisfacción das actividades realizadas.

Anexo I. Memoria económica

ACTIVIDADES	MATERIAIS	CUSTO
1. Deseño de instrumentos de recollida de datos.	Material de papelería Material ofimático	100€
2. Aplicación dos instrumentos deseñados.	Instrumentos de análise Recursos complementarios para a participación do alumnado Equipos informáticos Acondicionamento de espazos de recollida de datos.	100€
3. Asistencia a encontros e foros de debate sobre a situación lingüística do galego nos centros educativos e na comarca.	Espazos formativos de entidades de normalización lingüística. Desprazamentos/dietas	500€
4. Análise dos datos obtidos	Equipos informáticos Aplicativos de análise Materiais de rexistro	100€
5. Deseño dun plan de formación do profesorado integrante e colaborador do EDLG.	Propostas formativas.	0€
6. Detección de necesidades de materiais e recursos para o desenvolvemento das ensinanzas en lingua galega.	Instrumentos de recollida de datos.	0€
7. Identificación e recompilación de recursos e materiais didácticos en galego.	Materiais didácticos Material ofimático	300€
8. Identificación de vías de comunicación e dinamización lingüística nos CIFP.	Instrumentos de recollida de datos.	0€
9. Elaboración dunha listaxe de actividades prioritarias para a promoción da lingua no centro educativo.	Materiais e desprazamento de actividades piloto.	500
PROPOSTA ORZAMENTARIA		1500€